

ΙΣΤΟΡΙΑ
ΤΗΣ
ΠΑΛΑΙΑΣ
ΕΛΛΑΔΟΣ
Α΄

HISTORIA DA GRECIA
ANTIGA (I)


ÉPOCA MICÉNICA

(+/- s. XVI-XII a.C.)

A civilización micénica constitúe a entrada dos primeiros pobos gregos na Historia. É denominada así debido ós descubrimentos do arqueólogo afeccionado alemán Heinrich Schliemann, quen entre 1874 y 1886 realizou excavacións intentando comprobar a veracidade do narrado na *Ilíada* e a *Odisea*: foi el quen descubriu os antigos pazos de Micenas e Tirinto.

Máis tarde, a principios do s. XX, o británico Arthur Evans traballou nos restos de Cnossos (illa de Creta), onde atopou restos escritos que foron lidos máis tarde como lingua grega (silabario Lineal B)





Todos esos traballos parecen indicar que contra o s. XVI a.C. os gregos micénicos invadiron o Peloponeso e a illa de Creta, topándose alí cunha civilización anterior, non grega, que chamamos minoica.

Arthur Evans denominouna así por relacionar o palacio que descubriu en Cnossos co do mítico rei Minos.



A cultura minoica levaba desenvolvéndose desde o 3.000 a.C., segundo os datos arqueolóxicos.

Mantivo intensas relacións comerciais con todo o Mediterráneo, o que produciu numerosos asentamentos de poboación en Creta

En varios lugares da illa de Creta descubríronse restos de grandes edificacións con estruturas bastante complexas, identificadas como palacios. O máis famoso é o de Cnossos, no que se poden ver estancias decoradas cun alto grao de refinamento





Cara a 1700 a.C. unha catástrofe natural (pénsase nun terremoto e/ou maremoto) destruíu gran parte das construcións. Con todo, os minoicos recobráronse durante 300 anos, ata que arredor de 1400 a.C. a súa civilización foi definitivamente aniquilada.

Non se coñecen exactamente as causas, pero é seguro que inmediatamente despois os gregos micénicos se fixeron coa illa de Creta, e alí estableceron un Estado, moi semellante ó das súas cidades da Grecia Continental

Este era unha monarquía centralizada nun palacio administrado por unha corte de funcionarios, que xestionaban os beneficios producidos polas terras e a poboación baixo o seu dominio.

Esta época é o pano de fondo da *Ilíada* e a *Odisea* e, polo tanto, da Guerra de Troia, que se supón tivo lugar cara ó s. XIII a.C.



**De esquerda a dereita e
de enriba abaixo:**

**Vista xeral do xacemento
de Micenas**

Reconstrución ideal

**Tumba e "máscara de
Agamenón"**

"Porta dos Leóns"

Pouco despois da conquista de Troia, a civilización micénica desaparece contra 1100 a.C. Non se coñecen ben as causas: tense pensado en catástrofes naturais, en rebelións internas e nunha invasión exterior; neste último caso os dorios, portadores do ferro fronte ó bronce micénico, son os principais candidatos. Tamén hai quen cre nunha combinación dos tres factores.

O único seguro é que, despois desa data, a Arqueoloxía nos dá moi poucos datos, á parte dalgúns restos cerámicos. Por iso a esta época chámasele...

IDADE ESCURA

(+/- s. XII-VIII a.C.)



ÉPOCA ARCAICA


(s. VIII-VI a.C.)

Las Polis griegas



Os gregos saen da Idade Escura organizados en sociedades agrícolas e gandeiras que pouco a pouco se van unindo ata formar entidades urbanas independentes: as πόλεις (singular πόλις).

Apareceron por toda a Grecia Continental, Insular e a Xonia (que é como se coñeceu a parte occidental de Asia Menor). Estas comunidades prosperaron co tempo, e produciuse un importante aumento demográfico, o que motivou dous procesos: a colonización da costa Mediterránea e a evolución socio-política das πόλεις.



Diante da falta de recursos, unha parte da poboación embarcouse na aventura de emigrar cara a outros territorios mediterráneos, onde se fundaron asentamentos comerciais. O tráfico de mercadorías fíxose moi intenso, e as novas cidades manteñan vínculos económicos, relixiosos e culturais cos seus lugares de orixe, chamados xenericamente μητρόπολεις ("ciudades nai")



As πόλεις mantiveron entre elas una gran rivalidade, que derivou moitas veces en guerras.

Con todo, o mundo grego tiña tres importantes factores de unidade: o idioma (mesmo coas súas variantes locais), a relixión (con santuarios repartidos por todo o territorio que eran obxecto de veneración por todos os gregos) e as epopeias homéricas, que narraban un pasado heroico no que moitas comunidades gregas loitaran contra un inimigo común e o venceran: Troia



EVOLUCIÓN POLÍTICA DAS ΠΟΛΕΙΣ GREGAS

(xeral, agás para Esparta e Argos, que se manteñen na 1ª fase)

MONARQUÍA

apoiada nos ἄριστοι, un reducido grupo de ricos terratenentes,
que monopolizan o goberno



OLIGARQUÍA (tamén chamada ARISTOCRACIA)

os ἄριστοι continúan monopolizando o poder, pero xa sen a figura do rei



DEMOCRACIA (tamén chamada ISONOMÍA)

como consecuencia da prosperidade comercial, aparece unha clase
media adiñeirada que impulsa cambios destinados a facela participar
do poder (cun paso previo: o momento dos lexisladores e os tiranos)



Debido tamén ó desenvolvemento económico, nestes séculos a arte grega comeza o seu camiño cara ó gran equilibrio que alcanzará na época clásica.

Aséntase a estrutura do templo como un edificio de planta rectangular columnado, feito cada vez máis a base de pedra e menos de madeira. A escultura empeza a fixarse no corpo humano (κοῦροι e κόραι). Pola súa banda, a pintura mural e cerámica é moi practicada

A esta época pertence tamén o establecemento de competicións artístico-deportivas vencelladas a algúns santuarios relixiosos, que convocaban a todos os gregos. Os máis famosos eran os do santuario de Zeus en Olimpia, pero non os únicos.

Ademais, debido á adopción do alfabeto, a literatura nace coa posta por escrito das epopeias homéricas e desenvolve outros xéneros: oratoria, lírica, teatro...

Finalmente, nace unha das principais achegas gregas a Occidente: a Filosofía, concibida como a explicación da realidade mediante o razoamento, desbotando a relixión ou a superstición

